

FORMAR PARTE DA REDE

Que hai que facer para solicitar a creación dun servizo bibliotecario?

Dirixir unha instancia ao/á conselleiro/a competente en materia de cultura a través da sede electrónica da xunta, cubrindo o formulario [CT230C "Creación de novos servizos de lectura"](#) acompañada pola seguinte documentación:

- Certificación do acordo do pleno da corporación municipal de que se solicitase a creación dunha biblioteca ou axencia de lectura municipal, e de comprometerse a facerse cargo dos gastos de persoal e do seu mantemento, e coa inclusión para tal efecto dos citados gastos no orzamento do concello.
- Plano do local onde se pretenda instalar o servizo bibliotecario con todos os datos necesarios para o correcto coñecemento do proxecto.
- No caso de seren necesarias obras, cumprirá presentar tamén o informe das obras que se vaian a realizar.

A instancia presentárase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) de conformidade co establecido nos artigos 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes poderán empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

A consellería competente na materia de cultura examinará e redactará informe verbo da idoneidade e calidade dos locais presentados, no prazo de 3 meses.

A resolución, de ser positiva, estará condicionada á sinatura dun convenio co Concello solicitante no prazo sinalado na mesma resolución.

As bibliotecas seleccionadas deberán solicitar a súa inscrición no Rexistro de Bibliotecas de Galicia.

A creación formal dun novo servizo bibliotecario farase mediante unha orde do/da conselleiro/a competente en materia de Cultura publicada no Diario Oficial de Galicia.

Como integrar unha biblioteca ou axencia de lectura municipal xa existente?

No caso dunha biblioteca que estivese xa en funcionamento, a inclusión na Rede de Bibliotecas de Galicia realízase a través de instancia dirixida ao conselleiro competente en materia de cultura da Xunta de Galicia, a través da sede electrónica cubrindo o formulario [CT230B "Integración na Rede de Bibliotecas de Galicia"](#). A biblioteca, que debe estar previamente incluída no Rexistro de Bibliotecas de Galicia ou ter solicitada a súa inclusión, deberá acompañar:

- Xustificante da presentación electrónica da instancia de solicitude de inscrición no Rexistro de Bibliotecas.
- En caso de ter asinado convenio previo coa consellería, unha copia do mesmo.

A instancia presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) de conformidade co establecido nos artigos 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica da Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Unha vez feita a solicitude, o conselleiro competente en materia de cultura resolverá a inclusión ou non da biblioteca. No caso de resolución favorable, esta condicionarase á sinatura dun convenio de integración na rede, que deberá ser asinado no prazo subliñado na correspondente resolución, e no que se recollerán as obrigas e dereitos de ambas as dúas partes.